



## Convocatoria para participar no programa Grand Prix Financeiro

Convocatoria do programa "Grand Prix Financeiro", enmarcado dentro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade financeira Abanca Corporación Bancaria S.A para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do impulso do espírito emprendedor, no marco do Plan Eduemprende.

### OBXECTIVO:

Esta convocatoria ten por obxecto desenvolver actividades e xogos para que o alumnado aprenda, dun xeito activo e en primeira persoa, as primeiras pautas de como adaptarse a un orzamento e a importancia do aforro na vida.

### DESTINATARIOS:

Alumnado de 4º 5º e 6º de Educación Primaria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

As actividades /xogos terán unha duración de 1h e 30 minutos seguindo os seguintes pasos:

– **Paso 1: A fonte dos cartos.**

Canto gasto facemos durante o día?

De onde proceden os cartos que temos?

Que é un salario?. Xogamos coas matemáticas

Facemos unha boa compra?

– **Paso 2: As árbores dos desexos e as necesidades.**

Reflexión sobre a diferenza entre desexar e necesitar

– **Paso 3: Educación financeira- Educación solidaria.**

Dedicado á educación solidaria e á boa xestión de recursos. Un mundo sostible e solidario para unha economía forte.

– **Paso 4: Unha oficina bancaria: o lugar onde dormen os cartos.**

Facemos os bancos mais divertidos?

– **Paso 5: O xogo da oca.**

Seremos capaces de chegar a fin de mes?. 30 cadros, 30 días do mes.



**SOLICITUDE:**

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) co seguinte asunto: PROGRAMA GRAND PRIX FINANCEIRO conforme ao Anexo I antes do día 01/10/2018.

**SELECCIÓN DOS CENTROS:**

O número máximo de centros que poderán participar nesta actividade é de 5 por cada trimestre sen que sexa posible a acumulación de prazas dun trimestre para outro. Seleccionarase dous grupos por centro cun máximo de 25 alumnos-as por grupo.

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado. As datas desta formación acordaran entre o coordinador do programa no centro e os responsables deste de Afundación Obra Social Abanca.



## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

| DATOS DO CENTRO                              |  |                      |                                 |                                  |           |
|--|--|----------------------|---------------------------------|----------------------------------|-----------|
| CENTRO                                       |  | CÓDIGO DO CENTRO     |                                 | CIF                              |           |
|  |  |                      |                                 |                                  |           |
| ENDEREZO                                     |  | C.P                  | LOCALIDADE                      | CONCELLO                         | PROVINCIA |
|  |  |                      |                                 |                                  |           |
| TELÉFONO                                     |  | FAX                  |                                 | ENDEREZO ELECTRÓNICO             |           |
|  |  |                      |                                 |                                  |           |
| PERSOA COORDINADORA                          |  | TELÉFONO DE CONTACTO |                                 | ENDEREZO ELECTRÓNICO DE CONTACTO |           |
|  |  |                      |                                 |                                  |           |
| Nº DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES               |  | CURSO                |                                 | DATA DE PREFERENCIA              |           |
|  |  |                      |                                 |                                  |           |
| SINATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO SOLICITANTE |  |                      | SINATURA DA PERSOA COORDINADORA |                                  |           |
|  |  |                      |                                 |                                  |           |